

Organismo: SECRETARÍA XERAL

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")	

SUMARIO:

Orde do 8 de maio de 2008 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso aos corpos de profesores de ensino secundario para funcionarios e funcionarias dos corpos e escalas docentes clasificados no subgrupo A2 na Comunidade Autónoma de Galicia.

TEXTO:

A disposición adicional duodécima, apartado 3, da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece que os funcionarios dos corpos docentes clasificados no subgrupo A2 aos que se refire a lexislación vixente en materia de función pública poderán acceder aos corpos de profesores de ensinanza secundaria e de profesores de artes plásticas e deseño.

A citada disposición adicional duodécima, apartado 3, da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, así como o Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes aos que se refire a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria decimo sétima da citada lei, no seu Título IV, capítulo I, dispón que o sistema selectivo constará dunha proba e dun concurso de méritos no que se valorarán o traballo desenvolvido, os cursos de formación e perfeccionamento superados así como os méritos académicos.

Pola súa banda, O Decreto 50/2008, do 13 de marzo, que aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten ensinanzas escolares da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, dispón no seu artigo 5º que, do total de prazas convocadas para os corpos de

profesores de ensino secundaria se reserve un 10% para a promoción interna dos funcionarios dos corpos e escalas docentes clasificados no subgrupo A2. A distribución de dita reserva por especialidades establécese na presente orde de convocatoria e aquelas prazas que quedan vacantes non serán acumuladas ás convocadas na orde correspondente pola quenda libre.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria acorda anunciar a convocatoria do procedemento selectivo de ingreso aos corpos de profesores de ensino secundario e profesores de artes plásticas e deseño para funcionarios dos corpos e escalas docentes clasificados no subgrupo A2 na Comunidade Autónoma de Galicia e as súa bases correspondentes.

TÍTULO: Procedementos de ingreso e acceso

Base común 1. Normas xerais.

1.1.-Número de prazas: convócanse probas selectivas para cubrir 94 prazas para o corpo de profesores de ensino secundario para funcionarios dos corpos e escalas docentes clasificados no subgrupo A2.

-Corpo de profesores de ensino secundario (código 590).

CÓDIGO- ESPECIALIDADE	PAZAS
001.- FILOSOFÍA	2
002.- GREGO	1
003.- LATÍN	1
004.- LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	8
005.-XEOGRAFÍA E HISTORIA	9
006.- MATEMÁTICAS	8
007.- FÍSICA E QUÍMICA	3
008.- BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	4
009.- DEBUXO	3
010.- FRANCÉS	7
011.- INGLÉS	7
016.- MÚSICA	3
017.- EDUCACIÓN FÍSICA	3
018.- PSICOLOXÍA E PEDAGOXÍA	2
019.- TECNOLOXÍA	5
053.- LINGUA E LITERATURA GALEGAS	7
061.- ECONOMÍA	7
102.- ANÁLISE E QUÍMICA INDUSTRIAL	1

105.- FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL	7
107.- INFORMÁTICA	4
124.- SISTEMAS ELECTRÓNICOS	1
125.- SISTEMAS ELECTROTÉCNICOS E AUTOMÁTICOS	1
TOTAL	94

1.2. Normativa aplicable.

- A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.
- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- O Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, acceso e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes aos que se refire a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria decimo sétima da citada lei.
- O Real Decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento e o Decreto.....
- O Real decreto 1635/1995, do 6 de outubro, polo que se adscribe o profesorado dos corpos de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional ás especialidades propias da formación profesional específica.
- O Real decreto 777/1998, do 30 de abril, polo que se desenvolven determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo.
- O decreto 50/2008, do 13 de marzo polo que se aproba a Oferta de Emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, para a Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.
- A Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia,
- E as demais disposicións de aplicación xeral, así como o disposto nesta convocatoria.

Base común 2. Requisitos dos candidatos

Para seren admitidos aos procesos selectivos convocados nesta orde, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos xerais.

a) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións correspondentes ao corpo e especialidade ao que se opta.

b) Ser funcionario ou funcionaria de carreira de un dos corpos e escalas docentes clasificados no subgrupo A2 aos que se refire a vixente lexislación da función pública.

c) Estar en posesión do título de Doutor, Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes a efectos de docencia ou ter superados todos os estudos conducentes e ter satisfeitos os dereitos de expedición do mesmo.

De conformidade co establecido na disposición adicional única do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, para ingreso no corpo de profesores de ensino secundario, para as especialidades que se detallan no anexo VI á presente orde, poderán ser admitidos os que, aínda carecendo da titulación esixida con carácter xeral, estean en posesión dalgunha das titulacións que, para cada unha delas, se relacionan, asemade, no citado anexo VI.

d) Ter prestado, ao remate do prazo de presentación de solicitudes, servizos no seu corpo de orixe durante un mínimo de seis anos como funcionario de carreira.

2.2. Incompatibilidades

Os aspirantes que opten por este procedemento de acceso non poderán concorrer en convocatorias que enmarcadas dentro da mesma Oferta pública de emprego, ao mesmo corpo e á mesma especialidade polo ingreso libre ou pola quenda de discapacitados.

2.3. Data en que deben posuírse estes requisitos.

Todos os requisitos enumerados nesta base deberanse posuírse no día en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter ata a toma de posesión como funcionario de carreira.

Base común 3. Solicitudes e pagamento dos dereitos.

3.1. A solicitude deberá efectuarse por internet a través da páxina web da Secretaría Xeral, na seguinte dirección....., debendo imprimirse a instancia que se presentará nalgún dos lugares previstos no apartado 3.4 da presente convocatoria. Na instancia, que deberá ir xunto con dúas fotocopias do documento nacional de identidade, consignaranse os códigos do corpo e disciplinas que figuran nas bases desta convocatoria.

3.2. Os aspirantes que aleguen estar exentos de realizar a proba de coñecementos de lingua galega presentarán o correspondente documento xustificativo debidamente cotexado.

3.3. O persoal aspirante poderá acollerse a puntuación que lle foi outorgada en todos ou nalgún dos apartados do baremo da fase de concurso da convocatoria realizada pola orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 8 de maio de 2007. Neste caso alegará e xustificará unicamente os méritos perfeccionados con posterioridade ao 12 de xuño de 2007.

O persoal aspirante que non poida ou non desexe acollerse a opción prevista no parágrafo anterior, deberá presentar xunto coa instancia o documento que se achega como anexo V, relacionando todos os méritos que alegan e xuntando todos os documentos xustificativos, na forma que se establece no anexo I; enténdese que soamente se tomarán en consideración aqueles méritos debidamente xustificadas durante o prazo de presentación de solicitudes.

O persoal aspirante que se acolla á puntuación outorgada na fase de concurso da convocatoria realizada pola orde do 8 de maio de 2007 alegará e xustificará unicamente os méritos perfeccionados con posterioridade ao 12 de xuño de 2007, agás a experiencia docente en centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que será baremada de oficio.

O persoal aspirante que se acolla parcialmente á puntuación outorgada na fase de concurso da convocatoria realizada pola Orde do 8 de maio de 2007, ademais da documentación prevista no parágrafo anterior, terá que presentar toda a documentación que xustifique os méritos alegados do apartado ou apartados aos que non se acolle.

3.4. As instancias dirixiranse á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, podendo ser presentadas

a) No rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

c) En calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo

común, de acordo coas condicións establecidas no citado precepto. No caso de que se optase por presentar a solicitude ante unha oficina de correos, farano en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

3.5. Non poderá presentarse máis dunha solicitude a non ser que se opte a máis dunha especialidade. Neste caso, terán que presentar tantas solicitudes e documentación xustificativa de méritos como número de especialidades a que se opte.

3.6. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

3.7. Importe e pagamento dos dereitos.

Os dereitos de exame serán os seguintes:

-Corpo de Profesores de ensino secundario: 39.94 €

Estarán exentos do pagamento dos dereitos de exame, logo de xustificación documental:

a) Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

b) Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial; no caso de membros de categoría xeral terán unha bonificación do 50%. O importe dos dereitos de exame e, se é o caso, os gastos de transferencia correspondentes faranse utilizando o impreso de autoliquidación sinalado no anexo II. O dito impreso facilitaráselles aos interesados xunto co impreso de solicitude e débese cubrir cos códigos que figuran no referido anexo.

A non presentación deste anexo, dentro de prazo, no que figure o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión do aspirante. En ningún caso a presentación deste anexo suporá substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

Tamén poderá efectuarse o pagamento a través de internet no enderezo: <http://www.cixtec.es/conselleria/ga/ser/pago/pago.htm>. Neste caso é obrigatorio enviar o xustificante que se imprime ao efectuar o pagamento.

Base común 4. Admisión de aspirantes.

4.1. Lista provisoria: Transcorrido o prazo de presentación de instancias, a Secretaría Xeral fará pública no Diario Oficial de Galicia a lista provisoria de admitidos e excluídos,

por disciplinas. Nesta lista aparecerán, cando menos, apelidos, nome e número de documento nacional de identidade dos aspirantes, se está exento ou non da proba de coñecementos de galego e, se é o caso, as causas de exclusión.

4.2. Reclamación contra a lista provisoria.

Contra a lista provisoria, os interesados poderán interpoñer, no prazo de 10 días naturais, a partir do seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, e perante a Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, as reclamacións que coiden oportunas, de acordo co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4.3. Lista definitiva.

As reclamacións presentadas serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprrobe a lista definitiva de admitidos e excluídos, que igualmente se publicará no Diario Oficial de Galicia, así como no enderezo de internet <http://www.edu.xunta.es>.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan mediante esta orde. Cando, da documentación que debe presentarse no caso de seren aprobados, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán de todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación nestes procedementos.

4.4. Recurso contra a lista definitiva.

Contra a resolución que aprrobe a lista definitiva de admitidos e excluídos os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto no artigo 115 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

4.5. Reintegro dos dereitos de exame.

Os dereitos de exame seranlles reintegrados, por petición dos interesados, aos aspirantes que fosen excluídos definitivamente da realización dos procedementos selectivos, por falta dalgún dos requisitos para tomaren parte nas devanditas probas.

Base común 5. Órganos de selección.

A selección dos participantes será realizada polos tribunais

5.1. Tribunais cualificadores.

A Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria procederá ao nomeamento dos tribunais que xulgarán o proceso selectivo e fará pública a súa composición no Diario Oficial de Galicia.

Poderanse nomear todos os tribunais que se xulguen necesarios. Así mesmo, excepcionalmente, cando o número de aspirantes sexa moi reducido, poderá designarse un só tribunal para máis dunha disciplina.

Os tribunais estarán constituídos, de acordo co determinado polo Real Decreto 276/2007, do 23 de febreiro, por funcionarios de carreira en activo dos corpos docentes correspondentes, do corpo de inspectores de Educación ou do corpo a extinguir de inspectores ao servizo da Administración educativa. Na súa designación velarase polo cumprimento do principio de especialidade, polo que, cando sexa posible, a maioría dos seus membros deberán ser titulares da especialidade obxecto do proceso selectivo, e tenderase a paridade entre profesoras e profesores, agás que razóns fundadas e obxectivas o impidan.

En todo caso, os membros dos tribunais pertencerán a corpos de igual ou superior grupo ao do corpo ao cal optan os aspirantes.

Con carácter xeral, os tribunais estarán compostos por:

-Un presidente, designado directamente pola Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Catro vogais, designados por sorteo público mediante aplicación informática entre os funcionarios do corpo de catedráticos e/ou profesores de ensino secundario da especialidade correspondente. Se con posterioridade tivese que substituírse algunha persoa titular ou suplente do tribunal, o titular será substituído polo correspondente suplente ou, no seu defecto, nos que o sigan segundo a orde en que figuren na disposición que os nomeou. Se non puidese actuar o suplente número catro pasaríase ao suplente número 1.

De non poder actuar tampouco os suplentes, a Secretaría Xeral designará a seguinte persoa segundo a relación alfabética da especialidade.

Quedarán exentos da participación no sorteo aqueles profesores que presten servizos na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais.

5.2. Tribunais suplentes.

Para cada tribunal poderase designar polo mesmo procedemento un tribunal suplente.

5.3. Sorteio público

A data e lugar de celebración do sorteo público anunciarase mediante Resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O dito anuncio será publicado no Diario Oficial de Galicia

5.4. Constitución dos tribunais.

5.4.1. Logo da convocatoria do presidente constituiranse os tribunais. Para a válida constitución é precisa a asistencia do presidente titular, ou, se é o caso, do suplente, e de, polo menos, tres vogais.

Na citada sesión acordarán todas as decisións que lles correspondan para o correcto desenvolvemento dos procedementos selectivos.

Actuará como secretario o vogal con menor antigüidade no corpo, agás que o tribunal acorde determinalo doutra maneira.

5.4.2. Salvo que concorran circunstancias excepcionais, que serán apreciadas pola Secretaría Xeral, unha vez constituídos os tribunais só poderán actuar os membros presentes no acto de constitución e bastará coa asistencia de tres deles para a validez das sesións. Non obstante, se chegado o momento da actuación dos tribunais, estes non puidesen actuar polo menos con tres membros, a Secretaría Xeral adoptará as medidas oportunas necesarias co fin de garantir o dereito dos aspirantes á participación no proceso selectivo.

5.4.3. A suplencia do presidente será autorizada pola Secretaría Xeral, segundo corresponda; a dos vogais, polo presidente que vaia actuar, tendo en conta que deberá recaer no vogal suplente respectivo ou, no seu defecto, nos que o sigan, segundo a orde en que figuren na disposición que os nomeou.

5.4.4. De conformidade co establecido no artigo 8.3 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, a participación nos órganos de selección terá carácter obrigatorio salvo causas de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas pola presidencia do Tribunal.

5.5. Competencias dos tribunais.

A cualificación das probas a que se refiren os puntos 2 e 3 da base 7 desta convocatoria e a baremación dos méritos da fase de concurso, sen prexuízo do disposto no número 1 da base común 7.

A actuación dos tribunais axustarase en todo o proceso ao disposto na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5.6. Adaptación de tempo e medios.

Os tribunais cualificadores adoptarán as medidas necesarias para que os aspirantes con discapacidade gocen de similares oportunidades para a realización das probas que o resto dos participantes. Neste sentido estableceranse, para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións posibles de tempo e medios para a súa realización, conforme as instrucións dadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

5.7. Competencias dos tribunais.

Serán competencias dos tribunais as seguintes:

- a) A elaboración dos exercicios a que se refiren a base 7 da presente orde.
- b) A cualificación das distintas partes da proba da fase de oposición.
- c) A determinación e publicidade dos criterios de avaliación antes do inicio da proba.
- d) A agregación das puntuacións da fase de concurso ás adxudicadas polos tribunais na fase de oposición, a ordenación dos aspirantes e a elaboración das listas dos aspirantes que superasen ambas fases.
- e) A declaración dos aspirantes que superaron as fases de concurso e oposición e resultan seleccionados, a publicación das listas correspondentes a eles, así como a súa elevación á Secretaría Xeral.
- f) A conformación do expediente administrativo mediante a cumprimentación dos modelos que lles sexan facilitados pola Secretaría Xeral.

5.8. Abstención e recusación dos tribunais .

Os membros dos tribunais absteranse de intervir se se desen as circunstancias sinaladas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Do mesmo xeito, de acordo co artigo 8.4º do Real Decreto 276/2007, do 23 de febreiro, deberán absterse de actuar aqueles membros que realizasen tarefas de preparación de aspirantes aos procedementos selectivos para o mesmo corpo e especialidade, nos cinco anos anteriores a esta publicación.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior, de acordo co artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5.8. Categoría dos tribunais.

Os tribunais que actúen no proceso selectivo estarán incluídos, para os efectos que prevé o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), dentro da categoría primeira.

5.9. Indemnizacións por razón do servizo.

Os tribunais e as comisións de baremación terán dereito ás indemnización por razón do servizo previstas na normativa vixente.

5.10. Funcións dos órganos de selección.

Os órganos de selección actuarán con plena autonomía funcional, serán responsables da obxectividade do procedemento e garantirán o cumprimento das bases da convocatoria.

Base común 6. Comezo e desenvolvemento das probas.

6.1. Comezo.

Estas probas selectivas non darán comezo con anterioridade ao 20 de xuño de 2008, agás, se é o caso, a proba de coñecementos da lingua galega.

6.2. Orde de actuación.

A actuación dos aspirantes,realizarase por orde alfabética comezando por aqueles que teñan como inicial do primeiro apelido a letra V conforme o sorteo que realizou a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no ano 2008, publicada no Diario Oficial de Galicia do 5 de febreiro. Os tribunais que non conten con aspirantes cuxo primeiro apelido comece pola letra indicada, iniciarán a orde de actuación coa letra ou letras seguintes.

6.3. Citación dos aspirantes.

Os aspirantes serán convocados, a través do Diario Oficial de Galicia, para a realización, se é o caso, da proba de coñecementos de lingua galega e da proba prevista no punto 3 da base 7 desta convocatoria, con 10 días naturais de antelación, como mínimo, indicando a data, a hora e o lugar no que se realizarán estes actos.

O tribunal realizará previamente o acto de presentación, resultando excluídos os que non comparezan, salvo nos casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal.

6.4. Unha vez comezados os procedementos selectivos, non será obrigatoria a publicación dos chamamentos individuais ou colectivos dos aspirantes a través do Diario

Oficial de Galicia. Estes anuncios deberaos facer públicos os tribunais no local en que se celebren as probas; desde o remate dunha proba e ata o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas.

6.5. Identificación dos aspirantes.

O tribunal poderá requirir en calquera momento dos aspirantes que acrediten a súa identidade.

6.6. Exclusión do persoal aspirante.

En calquera momento do proceso selectivo, se os tribunais tivesen coñecemento de que algún dos ou das aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos por esta convocatoria, logo de audiencia da persoa interesada, deberán propoñer a súa exclusión á Secretaría Xeral, poñendo no seu coñecemento as inexactitudes ou falsidades formuladas polo persoal aspirante na solicitude de admisión aos procedementos selectivos, para os efectos procedentes.

Asemade, os tribunais teñen a facultade de poder excluír do procedemento selectivo a aqueles aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento durante a realización dos exercicios.

Contra a exclusión, o persoal aspirante poderá interpoñer recurso de alzada perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

6.7. Todas as probas correspondentes ás especialidades de idiomas modernos desenvolveranse no idioma correspondente.

Base común 7. Sistema de selección.

O sistema de selección será o concurso-oposición.

7.1. Fase de concurso.

Nesta fase, que en ningún caso terá carácter eliminatorio, valoraranse os méritos que concorran no persoal aspirante ao remate do prazo de solicitudes sinalado no punto 6 da base 3, conforme ao baremo que se inclúe como anexo I desta convocatoria e de acordo cos documentos presentados polos aspirantes.

Esta valoración será efectuada en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funcionarios ou persoal laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

As puntuacións provisionais e definitivas, por epígrafes e por especialidades farase pública, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais así como no enderezo de internet <http://www.edu.xunta.es>.

Contra a puntuación provisional poderase presentar reclamación, perante a Secretaría Xeral, no prazo de cinco días hábiles a contar desde o día seguinte ao da súa publicación.

Contra a puntuación definitiva poderá interpoñerse recurso de alzada, perante a Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

7.2. Proba de coñecementos de lingua galega.

Esta proba, que se levará a cabo de forma escrita, consistirá na resposta a varias cuestións sobre o temario de lingua galega que figura no anexo VII e unha tradución do castelán para o galego.

Terá carácter eliminatorio en todos os corpos e especialidades.

Quedan exentos da realización desta proba os aspirantes que superasen a proba de coñecemento de lingua galega no procedemento selectivo polo que accederon aos corpos e escalas docentes clasificados no grupo A2 dende o que promocionan, os que , con anterioridade ao peche do prazo de presentación de solicitudes, estean en posesión do certificado de coñecemento da lingua galega (celga 4), ou da súa validación, do curso de perfeccionamento en lingua galega ou contendo coa súa validación, feita pola Secretaría Xeral ou órgano competente, os licenciados en filoloxía galego-portuguesa e os que superasen o curso de especialización en lingua galega e o xustifiquen no prazo de presentación de solicitudes

Non terán que realizar esta proba aqueles aspirantes que se presenten á especialidade de lingua galega e literatura.

O tempo para a realización da proba será dunha hora e non se poderá utilizar dicionario. A súa cualificación será apto ou non apto.

7.3. Fase de oposición:

A proba constará na exposición ante o tribunal dun tema da especialidade a que se opte, elixido polo aspirante de entre oito, extraídos ao chou polo Tribunal, dos correspondentes ao temario do corpo e especialidade aos que se presentan.

No caso de que haxa concordancia entre a titulación académica coa que se opta e a especialidade á que aspira, o tema será elixido de entre nove extraídos ao chou polo tribunal. Na exposición do mesmo atenderase tanto a coñecementos sobre a materia

como aos recursos didácticos e pedagóxicos dos candidatos. Enténdese que hai concordancia para cada especialidade cando se posúa unha das titulacións que se relacionan non anexo X.

O persoal aspirante disporá de dúas horas e trinta minutos para a súa preparación, e poderá utilizar o material que considere oportuno. A exposición terá unha duración máxima dunha hora, e na mesma atenderase tanto aos coñecementos sobre a materia como aos recursos didácticos e pedagóxicos a empregar. Nesta exposición, o persoal aspirante, poderá utilizar un guión dunha extensión máxima dunha páxina que deberá ser entregado ao tribunal cando remate a mesma.

Sen prexuízo do anterior, no corpo de profesores de ensino secundario na especialidade de música, a proba incorporará contidos de carácter práctico, que se axustarán o establecido no anexo VIII da presente orde.

A proba valorarase de cero a dez puntos e os aspirantes deberán obter, polo menos, cinco puntos para superala. Para a súa superación atenderase tanto aos coñecementos sobre a materia, como aos recursos didácticos e pedagóxicos dos aspirantes.

Os tribunais publicarán diariamente a cualificación acadada polos aspirantes.

7.4. A puntuación de cada aspirante na proba será a media aritmética das cualificacións de todos os membros presentes do tribunal, con aproximación ata as dez milésimas, para evitar posibles empates. Cando entre as puntuacións outorgadas polos membros do tribunal exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas as cualificacións máxima e mínima, calculándose a puntuación media entre as cualificacións restantes. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, unicamente será excluída unha delas.

7.5. Os temarios correspondentes que rexerán para a realización da proba a que se refire o punto 7.3 serán os indicados no anexo III desta orde, referidos exclusivamente á parte A, quedando sen vixencia para a súa aplicación a este procedemento selectivo o disposto en canto á parte B nas ordes que se mencionan e nas súas modificacións posteriores, conforme establece a disposición transitoria segunda do Real Decreto 334/2004, do 27 de febreiro.

7.6 Garantías do anonimato das probas escritas.

De conformidade co disposto no artigo 10.1.h) do Real Decreto 276/2007, de 23 de febreiro, nas probas escritas garantirase o anonimato dos aspirantes. A tal fin, seguiranse as instrucións que a continuación se sinalan:

1º.- O tribunal entregará ó persoal aspirante un impreso para consignar os datos persoais e dous sobres, un grande e outro pequeno.

2º.- O persoal aspirante cumprimentará dito impreso, introduciraos nun sobre pequeno e pecharao.

3º.- Igualmente facilitaranse os folios para o desenvolvemento **da/s proba/s**, que deberán numerarse polo opositor.

4º.- Quedarán automaticamente anulados os exámes asinados, os que conteñan datos que identifiquen ó persoal asinante, ou sinais ou marcas que puideran romper o anonimato, así como aquel que resulte ilexible.

5º.- Rematada a proba escrita, esta incluírase no sobre grande que se entregará ó tribunal xunto co sobre pequeno que contén os datos persoais. O tribunal pegará unha das etiquetas adhesivas no primeiro folio do exame e a outra no sobre pequeno dos datos persoais.

6º.- O tribunal gardará en sobres grandes os sobres pequenos que conteñen os datos persoais. Unha vez correxida e cualificada a parte da proba, procederase á apertura dos mesmos. Para elo requírese a presenza de testigos, levantarase acta e introduciranse as puntuacións na aplicación informática de xestión do concurso-oposición sin dar publicidade das mesmas.

Base común 8. Orde da relación

8.1 Superación do procedemento selectivo.

a) Resultarán seleccionados aqueles candidatos que, obtendo un mínimo de cinco puntos na proba e ao seren ordenados segundo a suma das puntuacións alcanzadas no concurso e na proba, obteñan un número de orde igual ou inferior ao número de prazas asignadas ao procedemento por que participan.

Para a obtención da puntuación global, o tribunal ponderará nun 55 % a puntuación obtida na fase de oposición a que se refire o punto 4 da base 7 desta orde e nun 45% a

puntuación obtida na fase de concurso, resultando a puntuación global da suma de ambas as fases unha vez realizadas as ponderacións mencionadas.

b) Os posibles empates resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios.

1. Maior puntuación na proba.

2. Maior puntuación en cada unha dos epígrafes do baremo de méritos, pola orde que aparecen nesta convocatoria

3. Maior puntuación en cada unha dos epígrafes do baremo, pola orde que aparecen nesta convocatoria.

4. No caso de que persista o empate, o desempate dirimirase a través da realización dunha proba por escrito sobre cuestións breves referentes ao temario da especialidade. De ser o caso, os aspirantes serán convocados para esta proba polo tribunal cunha antelación mínima de 48 horas.

8.2. Orde da relación.

Os tribunais confeccionarán a correspondente relación de aspirantes que superasen as probas selectivas .

Conforme dispón o artigo 36.5 do Real Decreto 276/2007, do 23 de febreiro, aqueles aspirantes que superen o procedemento selectivo de acceso aos corpos do subgrupo A1 desde corpos do subgrupo A2 regulados na presente orde, na adxudicación de destinos, cando esta se realice atendendo á puntuación obtida nos procedementos selectivos, terán prioridade, na obtención dos mesmos, sobre os aspirantes que ingresen pola quenda libre da convocatoria do presente ano.

Non obstante o disposto no paragrafo anterior, os aspirantes seleccionados no procedemento selectivo regulado na presente orde que estean ocupando con carácter definitivo, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, prazas do corpo e especialidade ás que acceden, poderán optar, por permanecer nas mesmas

Os aspirantes seleccionados ordenaranse de acordo co establecido nas bases anteriores.

Esta relación farase pública no taboleiro de anuncios do local ou locais en que teñen lugar as probas así como no enderezo de internet <http://www.edu.xunta.es>.

Contra estas listas poderán os interesados interpoñer, de conformidade co disposto nos artigos 107 e 114 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso de alzada ante o secretario xeral.

8.3. En ningún caso os tribunais poderán aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas.

Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido neste punto será nula de pleno dereito.

8.4. Formulación de opcións en determinados supostos polos aspirantes que superen os procedementos selectivos.

Os aspirantes que por convocatorias realizadas por outras administracións educativas superen, no mesmo corpo e disciplina, os procedementos selectivos convocados por esta consellería e polo Ministerio de Educación e Ciencia ou outra comunidade autónoma con competencias en materia educativa, deberán optar por unha delas renunciando a todos os dereitos que puidesen corresponderlles pola súa participación nas restantes. De non realizarse esta opción, a aceptación do primeiro nomeamento entenderase como renuncia tácita aos restantes. Os interesados deberán presentar instancia neste sentido dirixida á Secretaría Xeral, xunto coa copia da opción ou renuncia a outra praza, no prazo de dez días, contados a partir da publicación no Diario Oficial de Galicia da lista de aspirantes aprobados.

8.5. Publicación da lista de aprobados.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará no Diario Oficial de Galicia, así como no enderezo de internet <http://www.edu.xunta.es>, as listas únicas de aprobados por corpos e especialidades, segundo se detalla nos puntos anteriores.

8.6. A exclusión do procedemento selectivo ou a renuncia aos dereitos derivados do procedemento selectivo, non suporá modificación nas prazas asignadas ao resto de aspirantes.

Base común 9. Presentación de documentos.

9.1. No prazo de 20 días naturais contados desde o día seguinte a aquel en que se fagan públicas as listas de aprobados no Diario Oficial de Galicia, os aspirantes aprobados deberán presentar perante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria os seguintes documentos:

a) Fotocopia compulsada do título esixido para o ingreso no correspondente corpo ou certificación académica que acredite que realizaron todos os estudos para a obtención do título, xunto coa fotocopia compulsada do recibo acreditativo conforme se efectuou o pagamento correspondente dos dereitos de expedición, agás se calquera dos dous documentos fose presentado para a súa valoración como mérito. No caso de titulacións

obtidas no estranxeiro, deberá presentarse a credencial da súa homologación ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión de profesor de educación secundaria ou de profesor de escolas de artes plásticas e deseño.

b) Certificado médico acreditativo de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio da docencia.

9.2. Excepcións.

Os que estean en situación de servizo activo estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento, e deberán presentar, en tal caso, unha certificación ou folla de servizos do organismo de que dependan, na que se consignen de forma expresa os seguintes datos:

a) Corpo a que pertencen, número de rexistro persoal e se están en servizo activo.

b) Lugar e data de nacemento.

c) Título académico que posúen e data de expedición.

Se nas certificacións non se poden facer constar os datos sinalados na alínea c) por non estar nos expedientes persoais dos interesados, estes deberán remitir separadamente os documentos que os acrediten.

9.3. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos expresados nas bases anteriores, poderá acreditarse que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

9.4. Os que, dentro do prazo fixado e salvo os casos de forza maior, non presenten a documentación ou se ben presentándoa, do seu exame se deducise que carecen dalgún dos requisitos xerais establecidos na base común 2, non poderán ser nomeados funcionarios de carreira, e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

Base común 10.- Nomeamento de funcionarios e funcionarias en prácticas.

Os que accedan por este procedemento estarán exentos da realización da fase de prácticas e nos supostos nos que a adxudicación de destinos se realice atendendo á puntuación obtida nos procedementos selectivos, terán prioridade, na obtención dos mesmos, sobre os aspirantes que ingresen pola quenda libre da convocatoria do mesmo ano.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, o persoal aspirante seleccionado que estea ocupando, con carácter definitivo no ámbito da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, praza do corpo e especialidade á que accede, poderá optar por permanecer na mesma con carácter definitivo.

Os aspirantes que, aínda estando exentos da realización da fase de prácticas, optaran por incorporarse como funcionarios ou funcionarias en prácticas ao destino asignado, quedarán eximidos e eximidas da avaliación das mesmas, permanecendo nesta situación ata a aprobación dos expedientes dos procedementos selectivos e o seu posterior nomeamento como funcionarios ou funcionarias de carreira.

Base común 11. Nomeamento de funcionarios e funcionarias de carreira.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aprobará o expediente do proceso selectivo e elevará a correspondente proposta de nomeamento como funcionarios e funcionarias de carreira dos corpos correspondentes ao Ministerio de Educación e Ciencia.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2008.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

Insírase no DOG

Confederación Intersindical Galega
ENSINO
www.cig-ensino.com

ANEXO I

Baremo para a valoración de méritos para o acceso aos corpos do grupo A desde corpos do grupo B.

Méritos	Puntos	Documentos xustificativos
I. Traballo desenvolvido: máximo 5.5 puntos		
1.1. Por cada ano como funcionario de carreira do corpo desde o que se aspira ao acceso que exceda dos seis esixidos como requisito	0,500	Folla de servizos certificada pola delegación provincial.
* Por esta subepígrafe (1.1) non poderán obter máis de 4,000 puntos.		
1.2. Desenvolvemento de funcións específicas:		
a) Por cada ano de exercicio na función inspectora	0,300	Fotocopia compulsada do nomeamento, con expresión da duración real do cargo.
b) Por cada ano de exercicio como director dun centro público	0,300	Fotocopia compulsada do nomeamento, con expresión da duración real do cargo.
c) Por cada ano de exercicio como vicedirector, xefe de estudos, secretario, administrador ou profesor delegado nas seccións de formación profesional e outros cargos directivos	0,200	Fotocopia compulsada do nomeamento, con expresión da duración real do cargo.
d) Por cada ano de servizos como cargo directivo na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Ministerio de Educación e Ciencia ou departamentos de Educación das restantes comunidades autónomas, con competencias en materia educativa, con categoría de xefe de servizo ou nivel equivalente ou superior	0,300	Fotocopia compulsada do nomeamento, con expresión da duración real do cargo.
e) Por cada ano de titor	0,200	Certificación do director do centro.
f) Por cada ano como coordinador pedagóxico, coordinador de ciclo/departamento, xefe de departamento, xefe de división, xefe de departamento de normalización	0,200	Certificación do director do centro co visto e prace da Inspección Educativa.
* Por esta subepígrafe (1.2.) non se poderán obter máis de 2,500 puntos		

II. Cursos de formación e perfeccionamento superados: máximo 3 puntos		
2.1. Por cada curso de formación e perfeccionamento cunha duración non inferior a 30 horas, recibido ou impartido, convocado por administracións públicas con plenas competencias educativas ou por universidades, ou actividades incluídas no plan de formación permanente organizados por entidades colaboradoras coas administracións educativas ou actividades recoñecidas pola administración educativa correspondente	0,300 ata 1,500 punto	Fotocopia compulsada do certificado de asistencia. De non figurar o número de horas, deberá xuntarse certificado da autoridade convocante no que se faga constar a duración en horas.
2.2. Por cada curso de formación e perfeccionamento cunha duración non inferior a 100 horas, recibidos ou impartidos, convocados por administracións públicas con plenas competencias educativas ou por universidades, ou actividades incluídas no plan de formación permanente organizados por entidades colaboradoras coas administracións educativas ou actividades recoñecidas pola administración educativa correspondente.	0,600 ata 1,500	Fotocopia compulsada do certificado de asistencia. De non figurar o número de horas, deberá xuntarse certificado da autoridade convocante no que se faga constar a duración en horas.
III. Outros méritos: 3 puntos		
3.1. Méritos académicos:	Ata 1,500	
a) Polo grao de doutor na titulación requirida para ingreso no corpo	0,750	Certificación académica ou fotocopia compulsada do título de doutor.
b) Por premio extraordinario ou de honra na titulación alegada para ingreso no corpo	0,500	Certificación académica ou fotocopia compulsada do título alegado na que conste tal cualificación.
c) Por premio extraordinario de doutorado	0,500	Certificación académica ou fotocopia compulsada do título alegado na que conste tal cualificación.
d) Por título de licenciado distinto do alegado para ingreso no corpo	0,500	Certificación académica ou fotocopia compulsada do título correspondente.
e) Por outro título de grao medio	0,300	Certificación académica ou fotocopia compulsada do título correspondente.
f) Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación		Certificación académica ou fotocopia cotexada do título alegado para ingreso no corpo, así

profesional específica:		como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do aboamento dos dereitos de expedición conforme a Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).
f.1) Por cada título Profesional de Música ou Danza:	0,500 puntos.	
f.2) Por cada Certificado de nivel avanzado ou equivalente de Escolas Oficiais de Idiomas:	0.500 puntos	
f.3) Por cada Título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño	0.200 puntos	
f.4) Por cada Título de Técnico Superior de Formación Profesional	0.200 puntos	
f.5) Por cada Título de Técnico Deportivo Superior:	0.200 puntos	
Non se valorarán as da formación profesional específica, no caso de ser as alegadas como requisito para ingreso na función pública docente ou, no seu caso, se foran necesarias para a obtención do título alegado		
3.2. Publicacións e méritos artísticos:	Ata 1,500 punto	
a) Por publicacións de carácter didáctico sobre a disciplina obxecto do concurso ou directamente relacionadas coa organización escolar :	Ata 0,500	No referente a materiais publicados en soportes especiais como vídeos, CD-Rom, et. Será necesario aportar a documentación impresa que poidan acompañar estas publicacións (carátulas, folletos explicativos dos obxectivos e contidos, impresións, etc.). No caso das publicacións que solo se dan en formato electrónico presentárase un informe oficial no cal o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indicárase a base de datos, o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final. Os exemplares correspondentes.
Por autor	0.150	
Por coautor ou grupo de autores	0.050	
-Por artigo ou revista	0.020	
b) Por publicacións de carácter científico sobre a disciplina obxecto do concurso	Ata 0,500	No referente a materiais publicados en soportes especiais como vídeos, CD-Rom, et. Será necesario aportar a documentación impresa que poidan acompañar estas publicacións

		(carátulas, folletos explicativos dos obxectivos e contidos, impresións, etc.). No caso das publicacións que solo se dan en formato electrónico presentarase un informe oficial no cal o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indicarse a base de datos, o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final. Os exemplares correspondentes
Por autor	0.150	
Por coautor ou grupo de autores	0.050	Documentos xustificativos destes.
-Por artigo ou revista	0.020	

Disposicións complementarias.

Primeira.-Unicamente serán baremados aqueles méritos perfeccionados ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Segunda.-Para os efectos do punto 1.2 non se poderán acumular as puntuacións cando os servizos fosen prestados simultaneamente en máis dun centro docente.

Os servizos prestados no estranxeiro acreditaranse mediante certificados expedidos polos ministerios de Educación dos respectivos países, no que deberán constar o tempo de prestación de servizos e o carácter de centro público ou privado, o nivel educativo e a materia impartida. Cando non se acredite a materia impartida ou esta non coincida con algunha das especialidades obxecto desta convocatoria, os servizos entenderanse prestados en distinta especialidade á que se opta, segundo corresponda. Os ditos certificados deberán presentarse traducidos ao castelán.

Terceira.-Nas seguintes epígrafes, por cada mes súmanse as seguintes puntuacións: na epígrafe 1.1, 0,0417puntos; na epígrafe 1.2, 0,025puntos

Cuarta.-En ningún caso serán valorados aqueles cursos que teñan como finalidade a obtención dun título académico.






Quinta.-Non se valorará o curso de aptitude pedagóxica.

Sexta.-De conformidade co artigo 6 da Orde do 11 de novembro de 1998, as equivalencias entre distintos cursos e probas de lingua galega terán a mesma consideración legal que os cursos presenciais de iniciación e perfeccionamento.

Sétima Os aspirantes non poderán ter máis de 10 puntos pola valoración dos seus méritos.



ANEXO II

	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA 	TAXAS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA Decreto lexislativo 1/1992, do 11 de abril Decreto 172/1992, do 26 de xuño AUTOLIQUIDACIÓN	Modelo A EUROS					
A-								
CÓDIGOS	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.....	Código:	0 7					
	Delegación de Servicios Centrais.....	Código:	1 3					
	Servicio de Secretaría Xeral.....	Código:	0 1					
	Taxa: denominación inscripción oposicións corpo de.....	Código:	3 0 0 3 0 0					
SUXEITO PASIVO	NIF		APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL					
	VÍA PÚBLICA	NÚMERO	ESCAL. PISO PORTA TELÉFONO					
	CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL					
	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <th style="width: 33%;">BASE DE CÁLCULO OU BASE IMPONIBLE OU UNIDADES</th> <th style="width: 33%;">TIPO OU TARIFA</th> <th style="width: 33%;">IMPORTE A INGRESAR</th> </tr> <tr> <td style="height: 150px;"></td> <td style="text-align: center; vertical-align: middle;"></td> <td style="vertical-align: bottom;"> TOTAL <input style="width: 80px;" type="text"/> € </td> </tr> </table>			BASE DE CÁLCULO OU BASE IMPONIBLE OU UNIDADES	TIPO OU TARIFA	IMPORTE A INGRESAR		
BASE DE CÁLCULO OU BASE IMPONIBLE OU UNIDADES	TIPO OU TARIFA	IMPORTE A INGRESAR						
		TOTAL <input style="width: 80px;" type="text"/> €						
.....dede 20..... Sinatura do declarante ou representante legal								
Selo		Data	Número					
IMPORTANTE: O ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades financeiras colaboradoras na recadación.								

ANEXO III

Temarios das especialidades

Corpo de profesores de ensino secundario

Código	Especialidades	Temarios
001	Filosofía	BOE do 21-9-1993
002	Grego	BOE do 21-9-1993
003	Latín	BOE do 21-9-1993
004	Lingua castelá e literatura	BOE do 21-9-1993
005	Xeografía e historia	BOE do 21-9-1993
006	Matemáticas	BOE do 21-9-1993
007	Física e química	BOE do 21-9-1993
008	Bioloxía e xeoloxía	BOE do 21-9-1993
009	Debuxo	BOE do 21-9-1993
010	Francés	BOE do 21-9-1993
011	Inglés	BOE do 21-9-1993
016	Música	BOE do 21-9-1993
017	Educación Física	BOE do 21-9-1993
018	Psicoloxía e Pedagogía	BOE do 21-9-1993

053	Lingua e literatura galega	DOG do 21-3-1995
019	Tecnoloxía	BOE de 21-09-1993
061	Economía	BOE do 13-02-1996
102	Análise e química industrial	BOE do 13-02-1996
105	Formación e Orientación Laboral	BOE de 13-02-1996
107	Informática	BOE de 13-02-1996
108	Intervención Sociocomunitaria	BOE de 13-02-1996
124	Sistemas electrónicos	BOE de 13-02-1996
125	Sistemas electrotécnicos e automáticos	BOE de 13-02-1996

Confederación Intersindical Galega
ENSINO
www.cig-ensino.com

ANEXO IV

Don/Dona..., con domicilio en..., e con DNI..., declara baixo xuramento/promete, para os efectos de ser nomeado/a funcionario/a do corpo de profesores de ensino secundario/profesores de artes plásticas e deseño, que non foi separado/a do servizo de ningunha das administracións públicas e que non está inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

..., ... de... de 2008.

Asdo.:

ANEXO V

Don/Dona..., con DNI..., domiciliado/a para efectos de notificación en: ... localidade ..., provincia ..., rúa ..., nº ..., teléfono...

EXPÓN:

Que tendo solicitado ser admitido/a ao proceso selectivo para ingreso no corpo de: ...

Profesores de ensino secundario.

Profesores de artes plásticas e deseño. (Risque o que non proceda).

Pola especialidade de..., alega, para o obxecto de que lle sexan valorados, na fase de concurso, os méritos que relaciona e xustifica documentalmente:

Méritos alegados:

Epígrafe 1 do baremo. Documentos xustificativos.

1.1.

1.2.

Epígrafe 2 do baremo. Documentos xustificativos.

2.1.

2.2.

2.3.

2.4.

Epígrafe 3 do baremo. Documentos xustificativos.

3.1.

3.2.

3.3.

ANEXO VI

Corpo de Profesores de Ensino Secundario

Especialidades	Titulacións
Tecnoloxía.	<p>Enxeñeiro técnico. Arquitecto técnico. Diplomado en máquinas navais. Diplomado en navegación marítima. Diplomado en radioelectrónica naval.</p>
Análise e química industrial	<p>Enxeñeiro técnico industrial, especialidade en química industrial Enxeñeiro técnico forestal, especialidade de industrias forestais.</p>
Formación e orientación laboral.	<p>Diplomado en ciencias empresariais. Diplomado en relacións laborais. Diplomado en traballo social. Diplomado en educación social. Diplomado en xestión e administración pública.</p>
Informática.	<p>Diplomado en estatística. Enxeñeiro técnico en informática de xestión. Enxeñeiro técnico en informática de sistemas. Enxeñeiro técnico de telecomunicación, especialidade en telemática.</p>
Intervención sociocomunitaria.	<p>Mestre, en todas as súas especialidades. Diplomado en educación social. Diplomado en traballo social.</p>

Sistemas electrónicos.	<p>Diplomado en radioelectrónica naval.</p> <p>Enxeñeiro técnico aeronáutico, especialidade en aeronavegación.</p> <p>Enxeñeiro técnico en informática de sistemas.</p> <p>Enxeñeiro técnico industrial, especialidade en electricidade, especialidade en electrónica industrial.</p> <p>Enxeñeiro técnico de telecomunicación, en todas as súas especialidades.</p>
Sistemas electrotécnicos e automáticos.	<p>Diplomado en radioelectrónica naval.</p> <p>Enxeñeiro técnico aeronáutico, especialidade en aeronavegación.</p> <p>Enxeñeiro técnico en informática de sistemas.</p> <p>Enxeñeiro técnico industrial, especialidade en electricidade, especialidade en electrónica industrial.</p> <p>Enxeñeiro técnico de telecomunicación, en todas as súas especialidades.</p>

ANEXO VII

Lingua galega.

Tema 1. Formación da lingua galega. Niveis de lingua e tratamento escolar.

Tema 2. A realidade actual da lingua: estatus legal e escolar. A normalización lingüística no ensino.

Tema 3. Particularidades fonéticas, morfosintácticas e léxicas do galego en relación coas linguas limítrofes. Tratamento escolar das interferencias.

Tema 4. Vocalismo e consonantismo.

Tema 5. O texto. Temas e subtemas. Esquema oracional. Oración simple e composta. Coordinación e subordinación.

Tema 6. O substantivo e o adxectivo. Oracións subordinadas substantivas. Oracións subordinadas adxectivas.

Tema 7. Pronomes persoais. Formas, funcións e colocación con respecto ao verbo.

Tema 8. Artigos, posesivos, demostrativos, numerais, indefinidos e interrogativos.

Tema 9. O verbo. Verbos irregulares. A perífrase.

Tema 10. Adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións. As oracións subordinadas adverbiais.

ANEXO VIII

Música

-Interpretación á primeira vista, co instrumento que achegará o opositor, dunha partitura ou fragmento elixido por el, entre tres propostas polo tribunal.



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.com

ANEXO IX



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

SOLICITUDE DE ADMISIÓN A
 PROBAS SELECTIVAS NA
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

1. CORPO AO QUE ASPIRA E ESPECIALIDADE

1.1. CORPO	1.2. ESPECIALIDADE	1.3. CÓDIGO		

2. CONVOCATORIA E FORMA DE ACCESO

2.1. DATA DA CONVOCATORIA			2.2. ACCESO	
2.3. EXENTO DA PROBRA DE LINGUA GALEGA				
SI NON				

3. DATOS PERSOAIS

3.1. PRIMEIRO APELIDO		3.2. SEGUNDO APELIDO		3.3. NOME	
3.4. DNI/NIF/NIE...	3.5. DATA NACEMENTO	3.6. NACIONALIDADE	3.7. ENDEREZO POSTAL (Rúa ou praza e número)		
3.8. LOCALIDADE (con código postal)		3.9. PROVINCIA	3.10. TELÉFONO FIXO	3.11. TELÉFONO MÓBIL	
3.12. XÉNERO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER		3.13. ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO			

4. TITULACIÓNS

4.1. TÍTULOS ACADÉMICOS QUE ALEGA PARA INGRESO NO CORPO	4.2. CENTRO DE EXPEDICIÓN	4.3. LOCALIDADE
---	---------------------------	-----------------

5. SERVICIOS EFECTIVOS PRESTADOS COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA

5.1. CORPO/ESCALA Á QUE PERTENCE	5.2. NÚM. R. PERSOAL	5.3. ESPECIALIDADE	5.4. CENTRO DESTINO ACTUAL	5.5. TEMPO DE SERVIZOS	
				ANOS	MESES

6. EXPERIENCIA DOCENTE EN CENTROS PÚBLICOS

6.1. CORPO OU ESCALA	6.2. ESPECIALIDADE	6.3. CENTRO DESTINO	6.4. DATA ALTA	6.5. DATA BAIXA	6.6. TEMPO DE SERVIZOS	
					ANOS	MESES

7. EXPERIENCIA DOCENTE NOUTROS CENTROS

7.1. CORPO OU ESCALA	7.2. ESPECIALIDADE	7.3. CENTRO DESTINO	7.4. DATA ALTA	7.5. DATA BAIXA	7.6. TEMPO DE SERVIZOS	
					ANOS	MESES

A/O abaixo asinante solicita ser admitida/o no proceso selectivo ao que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela e que reúne as condicións esixidas para o ingreso á Función Pública e as especialmente sinaladas na convocatoria anteriormente citada, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

En _____, _____ de _____ de 2008

FIRMA

SR. SECRETARIO XERAL

ANEXO X

Especialidade	Titulación
Filosofía	Licenciatura en filosofía Licenciatura en filosofía e letras, sección filosofía Licenciatura en ciencias da educación, sección filosofía
Grego	Licenciado en: filosofía e letras (sección filoloxía clásica) Licenciatura en filoloxía clásica
Latín	Licenciado en: filosofía e letras (sección filoloxía clásica) Licenciatura en filoloxía clásica
Lingua castelá e literatura	Licenciatura en filoloxía hispánica. Licenciatura en filoloxía románica Licenciatura en filoloxía galega Licenciatura en filosofía e letras, sección filoloxía hispánica ou filoloxía románica. Licenciatura en lingüística (acreditando ter cursado lingua española e literatura española) Licenciatura en teoría da literatura e literatura comparada (acreditando ter cursado lingua española e literatura española) Licenciatura en filoloxía clásica (acreditando ter cursado lingua española e literatura española) Licenciatura en tradución e interpretación
Xeografía e historia	Licenciatura en xeografía e historia. Licenciatura en xeografía Licenciatura en historia da arte. Licenciatura en historia.
Matemáticas	Licenciatura en matemáticas Licenciatura en ciencias físicas. Licenciatura en física Licenciatura en informática Licenciatura en economía Licenciatura en ciencias. económicas enxeñerías superiores
Física e química	Licenciatura en ciencias físicas. Licenciatura en ciencias químicas. Licenciatura en física Enxeñería aeronáutica. Enxeñería de camiños, canles e portos. Enxeñería industrial Enxeñería naval Licenciatura en química. Licenciatura en farmacia

	<p>Licenciatura en bioquímica. Enxeñería industrial química. Enxeñería química</p>
<p>Bioloxía e xeoloxía</p>	<p>Licenciatura en ciencias biolóxicas. Licenciatura en ciencias xeolóxicas. Licenciatura en bioloxía Licenciatura en xeoloxía. Licenciatura en ciencias do mar. Licenciatura de ciencias ambientais Enxeñería agrónoma Enxeñería de minas Enxeñería de montes</p>
<p>Debuxo</p>	<p>Licenciado en belas artes. arquitecto</p>
<p>Francés</p>	<p>Licenciatura en filoloxía francesa. Licenciatura en filoloxía románica Licenciatura en filosofía e letras, sección filoloxía románica. Licenciatura en tradución e interpretación, sempre que se cursara francés como primeira lingua estranxeira Licenciatura en lingüística, sempre que se cursara francés como primeira lingua estranxeira</p>
<p>Inglés</p>	<p>Licenciatura en filoloxía inglesa Licenciatura en tradución e interpretación, sempre que se cursara inglés como primeira lingua estranxeira. Licenciatura en lingüística, sempre que se cursara inglés como primeira lingua estranxeira</p>
<p>Música</p>	<p>Título superior de música (artigo 42.3 da lei orgánica 1/1990, de 3 de outubro). Aquelas titulacións declaradas equivalentes ao título superior de música, segundo o Real decreto 1542/1994, de 8 de xullo.</p>
<p>Educación física</p>	<p>Licenciatura en: ciencias da actividade física e do deporte; Licenciado en medicina, acreditando estar en posesión do diploma de especialista en medicina deportiva (o.m. 24 de xullo 95).</p>
<p>Psicoloxía e pedagogía</p>	<p>Licenciatura en psicoloxía.</p> <hr/> <p>Licenciatura en filosofía e ciencias da educación, especialidades: psicoloxía ou ciencias da educación.</p> <hr/> <p>Licenciatura en filosofía e letras, especialidades: pedagogía ou psicoloxía.</p>

	<p>Diplomatura das escolas universitarias de psicoloxía ata 1974.</p>
Tecnoloxía	<p>Enxeñería enxeñeira técnica.</p> <p>arquitectura. arquitectura técnica</p> <p>Licenciatura en ciencias física, en ciencias químicas. Diplomatura en máquinas navais Diplomatura en navegación marítima Diplomatura en radioelectrónica naval Diplomatura na mariña civil</p> <p>Licenciatura da mariña civil.</p> <p>Licenciatura en ciencias, sección físicas</p>
Lingua e literatura galegas	<p>Licenciatura en filoloxía hispánica. Licenciatura en filoloxía galega Licenciatura en filoloxía clásica (acreditando ter cursado lingua española e literatura galega) Licenciatura en tradución e interpretación sempre que se cursara galego como primeira lingua estranxeira Licenciatura lingüística, sempre que se cursara galego como primeira lingua estranxeira.</p>
Economía	<p>Licenciatura en matemáticas Licenciatura en ciencias físicas. Licenciatura en física Licenciatura en informática Licenciatura en economía Licenciatura en ciencias. económicas enxeñerías superiores</p>
Análise e química industrial	<p>Licenciatura en ciencias físicas. Licenciatura en ciencias químicas. Licenciatura en física Enxeñería aeronáutica. Enxeñería de camiños, canles e portos. Enxeñería industrial Enxeñería naval Licenciatura en química. Licenciatura en farmacia Licenciatura en bioquímica. Enxeñería industrial química. Enxeñería química Enxeñeiro técnico industrial, especialidade en química industrial Enxeñeiro técnico forestal, especialidade en industriais forestais.</p>
Formación e orientación laboral	<p>Licenciatura en: dereito; administración e dirección de empresas; ciencias actuariais e financeiras; ciencias políticas e da administración; economía, psicoloxía; socioloxía Diplomado en ciencias empresariais.</p>

	<p>Diplomado en relacións laborais. Diplomado en traballo social. Diplomado en educación social. Diplomado en xestión e administración pública</p>
Informática	<p>Licenciatura en informática Licenciatura en: matemáticas; física enxeñeiro en: informática; de telecomunicación; en electrónica Diplomado en estatística. enxeñeiro técnico en informática de xestión. enxeñeiro técnico en informática de sistemas. enxeñeiro técnico de telecomunicación, especialidade en telemática</p>
Sistemas electrónicos	<p>Licenciatura en: física. Enxeñeiro: de telecomunicación; en electrónica; en automática e electrónica industrial; industrial; aeronáutico; naval e Enxeñeiro técnico industrial, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico aeronáutico, especialidade en aeronavegación. Enxeñeiro técnico en informática de sistemas. Enxeñeiro técnico de telecomunicación, en todas as súas especialidades. Diplomado en radioelectrónica naval. Enxeñeiro técnico industrial, especialidade en electricidade, especialidade en electrónica industrial.</p>
Sistemas electrotécnicos e automáticos	<p>Licenciatura en: física. Enxeñeiro: de telecomunicación; en electrónica; en automática e electrónica industrial; industrial; aeronáutico; naval e Enxeñeiro técnico industrial, en todas as súas especialidades. Enxeñeiro técnico aeronáutico, especialidade en aeronavegación. Enxeñeiro técnico en informática de sistemas. Enxeñeiro técnico de telecomunicación, en todas as súas especialidades. Diplomado en radioelectrónica naval. Enxeñeiro técnico industrial, especialidade en electricidade, especialidade en electrónica industrial.</p>